



CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS Av. do Mar, Bloque 1 – Baixo  
15.500 San Valentín – FENE (A Coruña)  
Telf: 981 34 26 07 - 981 49 27 06  
Fax: 981 49 27 08 - [servizos.sociais@fene.gal](mailto:servizos.sociais@fene.gal)  
AREA DE BENESTAR E IGUALDADE

## NOTA DE PRENSA

### XORNADAS CON FAMILIAS: ACOMPAÑAR NO RETO DE EDUCAR

O Concello de Fene, a través dos Servizos Sociais, ven desenvolvendo dende os seus inicios programas relacionados co apoio ás familias na súa labor educativa cas crianzas. Este luns día 13 de novembro a partir das 18:00 horas iníciase unha nova andadura de espazos en familia a través das sesións que se van a celebrar na Casa da Cultura.

O concello de Fene a través da agrupación de concellos de Mugar dos e Neda desenvolven o proxecto de prevención de condutas adictivas, no que se enmarcan o programa familiar "MAS QUE UN TEITO", subvencionado pola Consellería de Sanidade.

Trátase dun programa de formación en prevención familiar e comunitaria e ten como finalidade acompañar para evitar o desenvolvemento e a consolidación de condutas de risco, promovendo estilos de vida saudables e tendo en conta a perspectiva de igualdade de xénero.

As sesións coas familias complementa aos obradoiros que se ofertan ao alumnado.

Estas actuacións están encamiñadas a sensibilizar, mellorar e complementar a información nas familias a nivel emocional e na prevención das condutas adictivas de maneira precisa e axeitada.

No ciclo de novembro e decembro as sesións a impartir son:

#### - "**As crianzas medran, e agora que?**"

- DATA: 13 de novembro
- Abordaremos as oportunidades, preocupacións e retos que conleva a crianza nas súas diferentes etapas; facilitando diferentes ferramentas e estratexias para o acompañamento saudable das nosas fillas e fillos (límites, afectos, autonomía, coeducación, etc.).
- Destinada a todos os públicos

#### - "**Comunicaste en positivo? Pásate ao bo trato!**"

- DATA: 20 de novembro
- Trataremos de analizar os estilos comunicativos na crianza, afondando no modelo da comunicación afectivo-consciente (asertividade, empatía, escoita activa e validación emocional). Compartiranse experiencias e recursos de como acompañar dende e para o botrato, fomentando así relacións positivas e igualitarias.
- Destinada a todos os públicos

#### - "**Familias sobreprotectoras, menores fráxiles**"

- DATA: 27 de novembro
- Reflexionaremos sobre que entendemos por sobreprotección e as consecuencias. Compartiranse experiencias e recursos de como acompañar, fomentando así relacións maduras e críticas.
- Destinada a todos os públicos
- 

#### - "**Convivir coas emocións**"

- DATA: 4 de decembro
- Analizaremos como se identifican as emocións e as ferramentas a utilizar desde a educación emocional, a disciplina positiva e a comunicación non violenta.
- Destinada a todos os públicos

D-0  
09  
151  
P-  
E-  
T-



CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS Av. do Mar, Bloque 1 – Baixo  
15.500 San Valentín – FENE (A Coruña)  
Telf: 981 34 26 07 - 981 49 27 06  
Fax: 981 49 27 08 - [servizos.sociais@fene.gal](mailto:servizos.sociais@fene.gal)  
AREA DE BENESTAR E IGUALDADE

**- “Adición aos videoxogos”**

- **DATA:** 11 de decembro
- Os aspectos a tratar, entre outros son, a xestión do tempo, o risco da adición, as pautas para previr e a posición da familia ante condutas aditivas.
- Destinada para familias con fillas/os escolarizados a partir 3º de primaria.

**- “ Menores e pornografía”**

- **DATA:** 18 de decembro
- Aportarase información sobre as redes sociais, cales utilizan as crianzas, condutas arriscadas e ilegais.
- Dirixida a familias e preadolescentes

**Todas as sesións realizaranse ás 18.00h. LUGAR: Casa da cultura de Fene**

As xornadas serán participativas, utilizando dinámicas e responderase ás preguntas plantexadas.

Poboación destinataria: Representantes das ANPAs, entidades sociais e familias.

Presentación das solicitudes: poderase facer achegando a ficha de inscrición cuberta polos seguintes medios:

- A través do enderezo electrónico: [servizos.sociais@fene.gal](mailto:servizos.sociais@fene.gal).
- Mediante o código QR

Inscrición :As prazas cubriranse por orde de inscrición ata completar aforo.

Achégase cartel informativo para a súa difusión.

Para calquera outra información dirixirse a:

CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE FENE  
R/ Avda. do Mar, bloque 1-baixo  
15500 San Valentín-Fene  
Teléfonos: 981492706/981342607

0-0  
09€  
051  
p-  
E:  
T.C